

ACOMPANHAR CAMIÑANDO XUNTOS

A pandemia que aínda estamos sufrindo freou iniciativas da Delegación de Pastoral Rural que estaban xa a punto para comezos do ano 2020. Para aquel ano propoñíámonos traballar tres obxectivos ao redor do feito do acompañamento:

- 1) acompañarnos os axentes de pastoral, compartindo iniciativas que axudasen a manter presenza evanxelizadora sobre todo en aldeas que van quedando máis ao marxe nas UPAs.
- 2) acompañar a persoas máis vulnerables, sobre todo a persoas maiores soas, cousa que se dá moito nas aldeas.
- 3) deixarnos acompañar, evanxelizar por la xente máis empobrecida, recollendo e espallando testemuños de vida sinxela, evanxélica.

Imos retomar eses obxectivos, pero situándoos agora dentro do momento novo que estamos vivindo na diocese e en toda a Igrexa: o camiño sinodal.

Partimos para iso do feito de que acompañar ven sendo unha forma de camiñar xuntos. Acompañar é claramente un exercicio sinodal.

As ideas que aquí presentamos expoñerémolas nun power-point; esperamos que imaxe e texto axudarán a que a exposición sexa sinxela, clara e motivadora.

1.-Acompañar camiñando xuntos/xuntas

Acompañar e camiñar xuntos, xuntas, son realidades moi próximas. Quen acompaña camiña xunto á persoa acompañada. Os niveis de acompañamento dese camiñar xuntos están na man de quen o fai. Son realidades que interfieren moi a fondo.

Podemos afirmar que evanxelizar é acompañar na vida, que o labor misionero se podería definir tamén como un labor de acompañamento. Os curas e outros axentes de pastoral son, somos, persoas que acompañamos procesos camiñando xuntos.

Se mirarmos para a práctica de Xesús, hai un momento no que rompe co formato “evanxelizador” de Xoán Bautista e dedícase a anunciar a boa nova andando camiños, atopándose con xente e desenvolvendo procesos de acompañamento. E facía o que o papa Francisco recolleu na “*Evangelii gaudium*”, n. 24. primerear, acompañar, involucrase, acompañar, frutificar, festexar. Podemos observar que non todo acompañamento noso reúne estas características; ás veces quedámonos na tona das persoas, das vidas. Xesús ía ao fondo. Acompañaba a fondo. Camiñaba realmente coa xente.

Nós temos as nosas dificultades para desenvolver así a nosa tarefa evanxelizadora. Primeiro non fomos formados nese estilo, senón máis ben no formato de que era a xente a que tiña que acudir a nós. Ademais moitos de nós temos idade avanzada, estamos cansos, non sabemos ben que facer, temos pouco tempo para estar coa xente, e, canto estamos, non sabemos ben como entrarlle á xente; a xente ademais hoxe está bastante esquivada, foxe de acompañamentos sólidos... Non é nada doado.

Pero ante as dúbidas, ante a inseguridade, ante o non saber que facer: ir, saír, verse, falar, escoitar ... desde a preocupación amorosa...

É importante non se situar por riba, indo de sabios e entendidos que debemos dar consellos, encamiñar á xente... Son un da comunidade. Falo, escoito, acompaño, déixome acompañar.

As UPAs son un proxecto novo, necesario, de presenza humana e relixiosa, de misión, de acompañamento de camiñar xuntos, moito máis do que ata o presente o podíamos estar facendo con outro formato organizativo na diocese.

A UPA implica, demanda, equipos interparroquiais compartindo ese traballo evanxelizador de acompañamento. É algo realmente novo. Unha maneira rompedora de entender os servizos na comunidade. Non é un simple delegar tarefas, é incorporar diferentes persoas ao liderado comunitario, abrir o liderado ao laicado.

Un reto enorme, pero imprescindible, non só por cuestión de números (somos poucos), senón por concepción de cómo debe facerse a comunidade, a Igrexa. Non é nada doado. É o gran reto da Igrexa do século XXI. O Papa mesmo así o afirma, aínda que el o diga empregando a palabra sinodalidade. Camiñar xuntos é o que nos leva a liderados compartidos. Difícil, pero algo sabemos, temos experiencias, temos espírito para o poder e saber facer. Pouco a pouco. Importa ter obxectivos claros, e valorar os pasiños dados, coidando que vaian sempre na dirección desexada.

Nas mans destes equipos interparroquiais está todo: formación, celebración, servizo da caridade e da xustiza, organización.

É moi importante compartir pasos que cada quen, cada equipo en cada UPA vaia dando. Compartir pasos, iniciativas, experiencias por miudiñas que sexan. Camiñar xuntos dentro da cada UPA, pero tamén entre UPAs. E para iso sería moi bo que houberse un sistema axil de comunicación, de intercambio. Desde a Delegación de Pastoral Rural prestámonos para facilitar este labor de recibir e compartir experiencias desde o correo electrónico [delpasrural.@gmail.com](mailto:delpasrural@gmail.com).

2.-Acompañar soidades

Somos, logo, persoas, equipos, que estamos creando un sistema novo de acompañamento e de misión evanxelizadora. Dentro da nosa veciñanza atopámonos con persoas especialmente necesitadas deste acompañamento humano, evanxelizador.

Xente maior soa, ben unha persoa soa, ben sos o matrimonio. Xente que pola mesma idade vai tendo achaques físicos, psíquicos, emocionais... Hai algunha resposta interesante das administracións (lei da dependencia, axuda no fogar, centros de día...), pero quedan tempos, aspectos, campos de dolorosa soidade.

Hai outra xente que se cadra non é maior, pero que está pasando por importantes soidades: persoas esquizofrénicas, alcohólicas, deprimidas, con desconfianzas enfermizas, con medos. Xente soa, desalentada, con horizonte cego. Suicidios.

Xente tamén cunha relixiosidade popular non valorada polo ambiente, e ás veces tampouco coidada, madurada, no mesmo espazo eclesial que o serve. Xente que vai perdendo ese pouquiño de vínculo relixioso, de fe, que podería contribuír á súa integración persoal ante a vida, ante a morte, que, no caso da xente maior, intúe próxima.

Que facer? Visitas, conversas, coñecer, non xulgar, procurar entender, dispoñibilidade, valorar, sen inxenuidades de ningún tipo pola nosa parte, saber poñer cousas diante, ... Levar alivio, paz, ánimo, esperanza, que van case sempre da man do afecto, do agarimo.

Importancia de axudar a integrar a persoas destas características na propia familia, ás veces ausente por posturas das dúas partes; e tamén incorporalos a espazos comunitarios de diferente índole que pode haber: grupos veciñais, servizos municipais para xente maior.

E tamén, con moito tino, saber acompañar cara á morte, desde a fe, con esperanza. Ir aprendendo con esas persoas maiores a lección da propia caducidade con paz, sen rebeldías ...

Integrar, con respecto, este mundo de soidades nas celebracións civís e relixiosas da comunidade. Pequenos detalles, pequenos xestos, que lles permitan entender que on persoas queridas, valoradas, agradecidas.

E a maiores destas soidades máis especiais, acompañar tamén a infancia e mocidade das nosas comunidades. Por seren poucos, viven certa soidade, sobre todo respecto á xente maior das comunidades. Por seren tan poucos, hai pouca vida grupal entre nenos e nenas entre mozos e mozas. E hai unha soidade brutal respecto á comunidade cristiá. Aínda que se acheguen algo a ela pola Primeira Comunión e tamén, moito menos, para a Confirmación, a realidade é que a partir de aí a ruptura é case total. Estámonos quedando sen mocidade nas comunidades. Estámonos quedando sen futuro.

Pensamos que non podemos seguir así, recoñecendo esta realidade, pero non alterando case a maneira de acompañalos na vida parroquial, con UPA ou sen UPA. É o momento, de imaxinar, de pensar propostas que poidan romper con esta situación. ¿Non podería ser que se contase co servizo, como persoal integrado na diocese, de cando menos dúas persoas novas, homes ou mulleres, que, unha na área luguesa da diocese e outra na área coruñesa, organizasen, promovesen, desenvolvesen actividades catequéticas de diferente índole, en vistas a crear un movemento de mocidade cristiá atraínte, significativo? O seu traballo debería estar integrado, complementado, co traballo que nese campo se faga tamén en cada UPA.

3.-Acompañante acompañado/a.

A imaxe que mellor representa este aspecto é unha imaxe humana circular. Non a imaxe piramidal que é a que máis nos viña definindo. Camiñando xuntos somos persoas que acompañamos e somos tamén acompañadas.

Algo así foi o que viviu Xesús desde o primeiro momento da súa vida misioneira (Lc 8, 1-3). Xesús era o líder que era, pero iso non lle impediulle --todo o contrario--, iso empuxouno a compartir sentimentos, palabra, vida coas persoas que o acompañaban: vivencias, medos (Lc 12, 49-53; 22, 29-46), Tabor, derradeira cea...

Para gozar de ser persoa acompañada é importante estar integrado na UPA, nos grupos, no liderado compartido. Aínda que en diferentes momentos teña a misión de falar, de ensinar, tamén é certo que en moitos outros un é un máis; ás veces nos grupos dá a impresión que non sabemos compartir o que vivimos, o que sentimos, e ímonos moito para o predicar.

Importante de ir creando comunidades como familia. escoitar, descubrir vidas e valores, coa conciencia de que sempre estamos ante a terra sagrada dunha persoa sempre sagrada, sexa cal sexa a súa historia.

Importancia de abrir o campo da integración a persoas non crentes, persoas ao marxe da vida da comunidade cristiá, pero que tamén forman parte da “casa común”, que é a casas do Pai/Nai Deus; persoas coas que cómpre crear e vivir campos de integración, de camiño compartido.

Desde aquí subliñar tamén a importancia de deixarse evanxelizar pola xente máis pobre e marxinal, na liña do proposta polo Papa Francisco nos nn. 197-201 da E.G. Non só son as persoas que especialmente debemos acompañar, son tamén as persoas polas que especialmente nos debemos sentir acompañados. Importancia para iso de vivir unha amizade consistente e real coa xente máis empobrecida.

E, como froito desa vontade de deixarse evanxelizar pola xente empobrecida, podíamos facer o esforzo de recoller testemuños de xente pobre, marxinal, na que vexamos sinais da presenza de Deus. Recoller testemuños, gravacións, vídeos, escritos, e espallalos para ampliar o seu efecto evanxelizador. Tamén para iso vemos que é importante ter un canle de comunicación. Desde a Delegación de Pastoral Rural ofrecemos un correo electrónico para recibir e compartir logo eses posibles testemuños: delpasrural.@gmail.com.

Igualmente parécenos importante recoller ditos, refráns populares con contido teolóxico, que transmiten maneiras de entender e de vivir a presenza de Deus nas nosas vidas. A partir de aí podemos comprender mellor o que está na raíz do sentimento relixioso da xente, o que hai que acoller, o que habería que evanxelizar. Pero a partir do que a xente é e vive.